

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15345 *Real decreto lei 18/2018, do 8 de novembro, sobre medidas urxentes en materia de estradas.*

Este real decreto lei ten por obxecto introducir varias reformas na Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas, que se xustifican por razóns de extraordinaria e urxente necesidade.

A primeira desas reformas permite que, por razóns de seguridade viaria ou ambientais, se imponha en determinadas estradas o desvío obrigatorio dos vehículos pesados cara ás autoestradas de peaxe. A elevada sinistralidade dalgúns treitos de estradas convencionais, así como niveis de conxestión de tráfico elevados xustifican a necesidade e a urxencia de dispor canto antes dunha norma coma esta que mellore a cobertura legal dunha maior seguridade. A circunstancia de que o desvío do tráfico sexa obrigatorio atribúe este mesmo carácter ao pagamento da peaxe, o que xustifica o emprego dunha norma como a proposta para mellorar a cobertura legal que ampara esta medida.

Tamén se modifica a Lei de estradas para tipificar como infracción moi grave a eventual negligencia dos concesionarios de estradas cando esta ocasiona un prexuízo significativo aos usuarios e, ademais, concorren circunstancias para as que a actual tipificación como infracción grave resulta insuficiente. A norma redactouse tendo en conta o deber de «vixilancia reforzada» que, segundo a xurisprudencia, incumbe aos concesionarios de autoestradas ante nevadas ou outras situacións meteorolóxicas adversas. Neste caso, a inminente posta en aplicación nos próximos meses dos correspondentes plans de viabilidade invernal xustifica a urxencia de dispor inmediatamente dos medios legais necesarios, neste caso de carácter sancionador, para garantir a continuidade e a calidade do servizo prestado aos usuarios.

Así mesmo, refórmase a Lei de estradas para dar cobertura de rango legal ao cobramento de peaxes pola Sociedad Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre, S.M.E., S.A. (SEITTSA), ao asumir, se for o caso, a explotación de determinadas autoestradas de peaxe que reverteron ou que revertan ao Estado. Por isto, para continuar a explotación de determinadas autoestradas e permitir, se for o caso, a explotación doutras considérase necesario contar cunha norma legal que ampare a percepción por SEITTSA das novas peaxes que, ao abeiro do artigo 22 da Lei de estradas, aprobe o Goberno. Adicionalmente, para evitar a dispersión normativa na regulación de SEITTSA en relación coa xestión e construción de estradas, unifícase esta cobertura legal co artigo 158 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e derrógase o dito artigo. A urxencia xustifícase en que non é posible a tramitación dun proxecto de lei de forma que estea en vigor antes da fin da vixencia do convenio de xestión suscrito con SEITTSA, o 31 de decembro de 2018.

Finalmente, modifícase a Lei de estradas para permitir que a aprobación dos proxectos de construción supoña a declaración de urxente ocupación dos bens para efectos expropiatorios, co fin de non demorar a realización das obras nos casos en que sexa necesario, e evitar, así, o conseguente prexuízo que para o interese xeral supoñen estes atrasos do mesmo modo que xa ocorre nas leis sectoriais doutras infraestruturas. Así mesmo, preténdese reducir o elevado grao de afectación aos usuarios que supón a realización das obras de estradas, afectación que debe minimizarse utilizando todos os mecanismos que a normativa permite. As razóns que xustifican a urxencia desta modificación derivan da necesidade de que aos próximos proxectos de construción de estradas lles resulte de aplicación a previsión de forma inmediata coa finalidade de asegurar o cumprimento do interese público da súa construción sen necesidade de someter caso a caso a declaración de utilidade pública ou interese social.

A redacción actual do artigo 12 da Lei de estradas obriga á realización dunha serie de trámites administrativos adicionais para calquera tipo de obra de estradas, con independencia da súa envergadura e fin principal. Existen, en particular, obras de escasa contía económica, pero que inciden de maneira importante na seguridade viaria, tales como actuacións en treitos de concentración de accidentes, melloras locais de trazado, mellora de interseccións e enlaces, etc. e cuxa contratación é urxente, dada a súa incidencia na seguridade. A tramitación ordinaria da modificación da lei requiriría duns prazos moito máis dilatados, co conseguinte atraso na posta en servizo destas actuacións e o atraso na consecución das melloras da seguridade viaria.

Por isto, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que axudar nunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Esta norma axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular, aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Fomento, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.*

A Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 12, que queda redactado como segue:

«2. A aprobación definitiva dos proxectos de estradas do Estado implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens, modificación de servizos e adquisición de dereitos correspondentes, para os fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes. Non obstante, no mesmo acto de aprobación provisional poderá declararse a urxencia do proxecto, caso en que a dita aprobación definitiva implicará a urxencia para os fins de expropiación.»

Dous. Engádese un número 6 ao artigo 38, que terá a seguinte redacción:

«6. Cando os órganos competentes en materia de regulación, ordenación, xestión e vixilancia do tráfico dispoñan, respecto dos vehículos pesados, o peche ou a restrición do acceso á circulación de estradas ou treitos por razóns de seguridade, fluidez do tráfico ou por motivos ambientais, poderáselles exixir aos ditos vehículos que, para seguiren o mesmo itinerario, se desvíen pola totalidade ou parte dunha autoestrada cuxa utilización comporte o pagamento de peaxes. A peaxe aplicable a estes vehículos poderá bonificarse, se for o caso, na contía que se determine no expediente polo que se modifiquen as condicións de explotación da autoestrada. Mediante convenio entre as administracións interesadas poderá pactarse a contribución de cada unha delas á dita bonificación.»

Tres. Engádese unha nova letra k) ao número 2 do artigo 41, que terá a seguinte redacción:

«k) Cando prexudique significativamente os usuarios, a negligencia na prestación de servizos aos usuarios ou no cumprimento das tarefas de explotación de estradas ou elementos funcionais en réxime de concesión, por parte dos seus concesionarios, sen prexuízo das penalizacións contractuais que, se for o caso, se encontren establecidas nos correspondentes contratos.

Dado o deber de vixilancia reforzada que incumbe ao concesionario, salvo proba en contrario presumirase o dito prexuízo cando nun intervalo de 24 horas se interrompa a continuidade do servizo durante máis de 2 horas ou resulten afectados por isto máis de 30 vehículos.

Igualmente, presumirase a dita negligencia do concesionario cando, ante situacións meteorolóxicas adversas, incorra en falta de previsión, incumpra inustificadamente os plans operativos previstos para as ditas continxencias, non dispoña dos medios que lle sexan exixibles, non proporcione información suficiente aos usuarios ou non adopte as medidas necesarias para a regulación do tráfico.»

Catro. Engádese unha nova disposición adicional sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Xestión directa da construción e/ou explotación das estradas estatais por SEITTSa.*

1. A Sociedad Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre, S.M.E., S.A., cuxo obxecto social é a construción e/ou explotación das estradas estatais que, para o efecto, determine o propio Consello de Ministros, poderá explotar, entre outras, as autoestradas que revertan ao Estado. En calquera caso, a construción e/ou explotación realizarase nas condicións que se determinen no convenio de xestión directa correspondente, que deberá ser autorizado polo Consello de Ministros, logo do informe favorable do Ministerio de Facenda, sen prexuízo doutros trámites preceptivos derivados das prescricións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que resulten aplicables no seu caso.

2. Na explotación das autoestradas que revertan ao Estado ás cales se refire o número 1 desta disposición adicional, a Sociedad Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre, S.M.E., S.A. queda autorizada para o cobramento aos usuarios das tarifas que fixe o Consello de Ministros.

3. O convenio previsto no número 1 regulará as relacións entre a Administración xeral do Estado e a citada sociedade mercantil estatal e preverá, ao menos, os seguintes aspectos, ben que poderán excluírse algún destes cando por razón do obxecto non sexa necesaria a súa incorporación a este:

a) O réxime de construción e/ou explotación das estradas estatais de que se trate.

b) As potestades que ten a Administración xeral do Estado en relación coa dirección, inspección, control e recepción das obras, cuxa titularidade corresponderá en todo caso a esta.

c) O réxime de financiamento, en que poderá incluírse o cobramento das tarifas que aprobe o Consello de Ministros ao abeiro do previsto no número 2 desta disposición adicional e no artigo 22 desta lei.

d) As garantías que deban establecerse en favor das entidades que financien a construción e/ou explotación das estradas estatais.

e) O réxime de operación, mantemento e conservación dos sistemas de xestión de tráfico por parte da autoridade competente en materia de regulación, ordenación, xestión e vixilancia do tráfico.

4. Nos contratos que a sociedade mercantil estatal conclúa con terceiros para a construción e/ou explotación das citadas estradas observaranse as regras seguintes:

a) Observaranse as prescricións da normativa de contratos do sector público que lles resulten de aplicación, así como a lexislación sectorial específica correspondente.

b) Inclúiranse as cláusulas que resulten pertinentes para a adecuada defensa pola dita sociedade estatal e pola Administración xeral do Estado dos intereses públicos afectados.

c) A orde xurisdiccional contencioso-administrativa coñecerá das cuestións que se susciten en relación coa preparación e a adxudicación.

5. Será de aplicación o número 3 desta disposición a calquera relación que a Administración xeral do Estado estableza con outras empresas públicas para a construción e/ou explotación de estradas estatais, e o número 4 desta disposición, aos contratos que as citadas empresas públicas conclúan con terceiros para a construción e/ou explotación de estradas estatais.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Réxime sancionador das concesións.*

O novo réxime sancionador establecido no artigo 41.2.k) aplicarase tamén ás concesións xa existentes, sempre que os feitos sancionados se realicen despois da entrada en vigor do Real decreto lei 18/2018, do 8 de novembro, sobre medidas urxentes en materia de estradas.»

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o artigo 158 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e cantas normas se opoñan ao previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN